

Airiños mantén o seu compromiso cultural

Fene cumpre máis de dúas décadas no centro da música tradicional galega

REDACCIÓN > FERROL

■ A banda de gaitas tradicional Airiños de Fene celebra o vindeiro sábado, día 26, a vixésimo primeira edición da súa Xuntanza de Gaiteiros. Trátase dun encontro en que grupos, solistas e persoas vencelladas á música tradicional galega reforzan os seus lazos e, ó tempo, homenaxean a formacións ou individuos cunha traxectoria meritoria neste eido.

A edición deste ano, prevista para as oito da tarde no local da asociación cultural e recreativa Agarimo, en Sillobre, introduce unha pequena variación. Os organizadores amplían o abano e recoñecen o traballo do movemento dos cantautores dos anos finais do franquismo que, a través de colectivos como Voces Ceibes, reivindicaron e difundiron a obra de grandes poetas galegos e tamén o uso do idioma propio na música popular.

Por este motivo, Airiños de Fene dedica a súa xuntanza deste ano ó mugardeés Xoán Rubia e á ferrolá María Manuela. Ámbolos dous son destacadas voces da música galega que, á vez, manteñen un compromiso firme coa sociedade do país.

Na homenaxe participarán ademais outros persoeiros da cultura galega como Mini e Mero (que recibiron a homenaxe da banda fenesa hai dous anos) ou o grupo de gaitas Raparigos, toda unha institución en Ferrolterra e en Galicia na investigación e interpretación de música tradicional. A gala estará presentada por Xiana Lastra, cantante relacionada ó grupo Leticia desde nena.

Ó escenario subirán a actuar tamén os homenaxeados e os anfitrións, que darán conta dun repertorio que os mantén desde hai anos nun lugar de prestixio no panorama musical galego.



Juan J. Veiga '06



Juan J. Veiga '06

Caricaturas de María Manuela e Xoán Rubia, feitas por Juan J. Veiga

María Manuela, tempo de homenaxes

■ Por moito que María Manuela repita, cunha modestia que non é para nada falsa, que na súa vida non fixo cousa fóra do normal para recibir tantas homenaxes, o certo é que nos últimos tempos non deixan de choberlle as mostras de afecto. O seu barrio, Caranza, dedicoulle unha Semana da Música e varias organizacións sociais da cidade promoveron un tributo no Jofre que foi retransmitida pola Televisión de Galicia. Cantante, pintora e cidadá comprometida, a súa voz e presenza seguen a estremecer auditorios.

Xoán Rubia, mestre dos escenarios

■ Xoán Rubia amagou coa retirada nun concerto que deu no teatro Jofre en maio de 2006 pero alí demostrou estar en plena forma e segue a ser un artista imprescindible en recitais e homenaxes. De feito, hai menos dun mes participou no festival solidario que a asociación Los Zares organizou en Neda. Comprometido músico dentro de Voces Ceibes, foi o cantante galego que primeiro pisou a televisión, conta con varios discos ás súas costas e multitude de vivencias que dan conta dun tempo difícil para os que disentan.